



Sector exterior

O punto de partida deste capítulo dedicado ao sector exterior é a análise da achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB. Tendo en conta os datos das contas económicas de Galicia publicadas polo IGE, que considera as relacións comerciais tanto con terceiros países como co resto das Comunidades Autónomas españolas, a contribución do sector exterior no último ano segue a ser negativa. Se ao longo da crise económica o sector exterior atenúa a caída da demanda interna, o crecemento da actividade económica no último ano ven motivado pola achega do 2,8 puntos da demanda interna mentres que a demanda externa detrae sete décimas ao crecemento do PIB (**cadro 3.3.1.**).

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 30.743,7 millóns de euros e as importacións ascenderon a 31.906,2 millóns. Consecuentemente, o saldo comercial da economía galega é negativo, acadando un déficit de 1.162,5 millóns de euros, un 21,5% supe-


rrior ao rexistrado no ano anterior. A taxa de cobertura no ano 2015 ascendeu a 96,4%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) foi do 111,9%, dous puntos máis que no ano anterior.

Este capítulo céntrase na análise das relacións comerciais de Galicia cos terceiros países, que se caracteriza pola súa forte concentración xeográfica e sectorial. Asemade, cómpre mencionar que o saldo comercial segue a ser positivo para Galicia e a taxa de cobertura acadou o 124,2% e que o grao de apertura sitúase no 60,7%.

Comercio exterior con terceiros países

O sector exterior galego caracterizouse no último ano por unha medra da actividade comercial, entendida esta como a suma das exportacións e importacións, así como pola súa concentración xeográfica, onde a UE acolle as dúas terceiras partes da actividade


PIB e achegas da demanda externa e interna 2006-15 (1)



(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 03-03-2016)
Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2010

3.3.1.

Exportacións nas CC.AA. 2013-15 (1): porcentaxe sobre o valor total das exportacións españolas



(1) datos 2015 son provisionais

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, Datacomex

3.3.2.

comercial galega, e a elevada concentración sectorial, dado que os cinco primeiros capítulos exportadores e importadores representan máis do sesenta por cento do seu importe total.

A diferenza do acontecido no ano anterior, a actividade comercial en Galicia medra un 5,4% no último exercicio como resultado

tanto do incremento das importacións (4,9%) como das exportacións (5,7%). O volume total das compras e vendas galegas no exterior en 2015 acadou os 33.951,4 millóns de euros, 1.728,3 millóns máis que no ano anterior. No último ano o grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importa-

Importacións e exportacións 2014-15 ⁽¹⁾: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
(en miles de euros)					(%)			
Total (2)	30.534.618	31.906.186	29.577.478	30.743.661	-957.140	-1.162.525	96,9	96,4
Resto do mundo	14.540.126	15.163.793	17.828.671	18.833.890	3.288.545	3.670.097	122,6	124,2
Áreas xeográficas								
Europa								
Zona Euro	7.286.588	7.868.924	11.074.516	11.802.062	3.787.928	3.933.138	152,0	150,0
UE-15	8.002.315	8.370.443	11.953.425	12.913.361	3.951.111	4.542.918	149,4	154,3
UE-28	8.616.106	8.959.959	12.887.776	14.094.041	4.271.670	5.134.083	149,6	157,3
Países candidatos á UE	403.189	439.522	443.300	522.957	40.111	83.435	109,9	119,0
OCDE	10.352.420	10.503.674	14.485.250	15.736.971	4.132.830	5.233.296	139,9	149,8
OPEP	834.298	1.014.004	650.412	454.936	-183.886	-559.068	78,0	44,9
Mercosur	392.238	446.848	564.903	455.744	172.664	8.896	144,0	102,0
América Latina	1.705.025	1.573.852	1.068.155	1.026.076	-636.871	-547.777	62,6	65,2
EEUU	314.526	274.832	567.666	613.657	253.139	338.825	180,5	223,3

(1) datos 2014 e 2015 son provisionais
(consulta: 3-03-2016)

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais e Comercio exterior e intracomunitario

3.3.3.

cións e o PIB, situouse no 60,7%, un punto e seis décimas superior ao acadado en 2014.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, este comportamento ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada novamente nos sectores do automóbil (893,8 millóns), manufacturas de consumo (691 millóns) e alimentos e bens de consumo duradeiro (521,2 e 336,2 millóns de euros, respectivamente), que compensan á contracción sufrida no caso da enerxía (-558,8 millóns de euros) ou do sector de materias primas (-131,3 millóns).

A actividade comercial galega en 2015 representa o 6,5% do total estatal, unha décima máis que no ano precedente, situándose este peso relativo no 12,9% no caso das manufacturas de consumo, no 9,8% na automoción e no 8,1% e 7,3% no caso das materias primas e alimentos, respectivamente.

Galicia incrementa o saldo positivo da súa balanza comercial ata os 3.710,4 millóns de euros, un 9,2% máis que no ano anterior (313,9 millóns de euros), motivado polo

maior crecemento das exportacións. Este saldo comercial representa o 6,6% do PIB no ano 2015 fronte ao 6,2% rexistrado no ano anterior.

A nivel provincial, dos datos recollidos no **cadro 3.3.4.** despréndese que Pontevedra, tras unha medra do 9,9% (1.453,5 millóns de euros), mantense como a provincia con maior actividade comercial en tanto que en A Coruña este indicador permanece practicamente constante, ao aumentar un 0,6% (87,6 millóns). As outras dúas provincias tamén presentan un comportamento desigual, rexistrándose unha medra da actividade comercial en Lugo (205,9 millóns de euros) fronte á caída experimentada no caso de Ourense, con 18,8 millóns de euros menos. No que atinxe ao saldo da balanza comercial, as catro provincias galegas manteñen o saldo positivo, se ben a provincia de Pontevedra, por mor da evolución das importacións, experimentou un acusado descenso en relación ao ano anterior (-848,8 millóns de euros), a diferenza do que acontece en A Coruña, onde tras a caída das importacións e o aumento das exportacións, o saldo positivo supera os 1.100 millóns.

Finalmente, destacar que as provincias de

Importacións e exportacións de Galicia e España 2014-15

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	14.413,3	15.120,5	4,9	17.809,7	18.830,9	5,7	3.396,4	3.710,4	313,9
A Coruña	6.775,7	6.268,6	-7,5	7.682,2	8.277,0	7,7	906,5	2.008,3	1.101,8
Lugo	829,5	870,5	5,0	966,3	1.131,1	17,1	136,9	260,6	123,7
Ourense	416,7	438,7	5,3	826,7	786,0	-4,9	410,1	347,3	-62,8
Pontevedra	6.391,4	7.542,6	18,0	8.334,5	8.636,8	3,6	1.943,0	1.094,2	-848,8
España	265.556,6	274.415,2	3,3	240.581,8	250.241,3	4,0	-24.974,8	-24.173,9	800,9
Galicia/España (%)	5,4	5,5		7,4	7,5		-13,6	-15,3	

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, Datacomex

3.3.4.

Importacións e exportacións 2015: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	15/14	peso relativo	Galicia/España	Importe	15/14	peso relativo	Galicia/España
	(en millóns de euros)		(%)		(en millóns de euros)		(%)	
Total	15.120,5	4,9	100	5,5	18.830,9	5,7	100	7,5
Alimentos	2.760,4	13,8	18,3	8,9	2.459,1	8,2	13,1	6,1
Enerxéticos	2.283,8	-19,8	15,1	5,9	953,7	0,4	5,1	7,6
Materias primas	479,2	-7,6	3,2	5,1	741,5	-11,0	3,9	13,1
Semimanufacturas	1.714,6	-7,4	11,3	2,7	2.238,7	4,8	11,9	3,6
Bens de equipamento	1.583,8	21,9	10,5	2,8	3.052,2	1,7	16,2	6,1
Sector Automóvil	3.884,0	24,0	25,7	10,8	3.802,9	3,9	20,2	8,9
Bens de consumo duradeiro	198,8	-0,4	1,3	2,8	202,2	18,5	1,1	5,0
Manufacturas de consumo	2.207,1	3,3	14,6	6,7	5.182,4	13,6	27,5	21,3
Outras mercadorías	8,8	74,8	0,1	0,9	198,3	-11,0	1,1	2,4

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, Datacomex

3.3.5.

Pontevedra e A Coruña están situadas no oitavo e décimo posto, respectivamente, no ranking de provincias españolas con maior valor de actividade comercial, cando no ano anterior ocupaban o décimo e o undécimo lugar, respectivamente. En termos de volume de exportacións, Pontevedra sitúase como a sétima provincia exportadora (décima no caso das importacións) e A Coruña mantense na novena posición (duodécima en termos de valor de importacións).

● Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano acada os 15.120,5 millóns de euros (707,2 millóns superior ao rexistrado en 2014), o que representa o 5,5% do valor

total das importacións españolas. Esta medra afecta a todas as provincias galegas agás A Coruña, cunha redución do 7,5% (-507,1 millóns de euros), presentando Pontevedra o maior crecemento cunha medra do 18% (1.151,2 millóns), en tanto que en Ourense e Lugo esta porcentaxe supera lixeiramente o 5%. Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra sitúase como a máis importante en termos de valor das compras exteriores, acollendo case a metade das importacións totais galegas, seguida de A Coruña, que abrangue o 41,5% (44,3% e 47% no ano anterior, respectivamente).

O sector da automoción, tras unha medra do 24% en relación ao ano anterior, sitúase

Importacións 2014-15: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº Cap.	Denominación	2014	2015	15/14	15/08	Países da zona Euro	2015	
							Francia	Portugal
		(en miles de euros)	(% / total)	(%)	(%)		(en miles de euros)	
1 87	Vehículos automóviles, tractores	3.254.608,0	4.071.159,2	26,9	25,1	57,6	3.770.244,6	235.027,8
2 27	Combustibles, aceites minerales	2.845.956,6	2.283.806,7	15,1	-19,8	-31,0	199.307,6	12.786,5
3 3	Peixes, crustáceos, moluscos	1.384.805,5	1.645.442,6	10,9	18,8	26,0	343.375,1	192.098,9
4 62	Prendas de vestir, non de punto	787.528,2	856.560,9	5,7	8,8	0,4	175.322,1	158.028,1
5 84	Máquinas e aparellos mecánicos	526.548,4	696.159,3	4,6	32,2	25,3	443.687,1	22.236,2
6 61	Prendas de vestir, de punto	626.741,8	611.822,5	4,0	-2,4	20,7	331.197,8	305.800,1
7 72	Fundición, ferro e aceiro	633.977,0	503.588,3	3,3	-20,6	-59,2	404.158,0	150.347,8
8 85	Aparellos e material eléctricos	374.038,9	431.445,9	2,9	15,3	-31,4	184.076,1	49.435,5
9 16	Conservas de carne ou peixe	359.688,9	403.178,1	2,7	12,1	54,4	12.941,9	6.083,2
10 76	Aluminio e as súas manufacturas	219.585,2	284.175,6	1,9	29,4	-2,4	124.433,6	25.113,8
Total dos principais capítulos		11.013.478,2	11.787.339,0	78,0	7,0	2,2	5.988.743,9	1.156.957,8
Resto		3.399.832,7	3.333.155,6	22,0	-2,0	-15,9	1.297.844,3	704.877,9
Total		14.413.310,93	15.120.494,63	100	4,9	-2,4	7.286.588,2	1.861.835,7

Fonte: IGE, Comercio exterior e intracomunitario

3.3.6.

como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 3.884 millóns de euros, que significa o 10,8% do total estatal. Este importante incremento explícase tanto pola evolución das compras exteriores de automóviles e motos, que aumentan un 33,5% o seu valor en relación ao rexistrado en 2014, acadando os 1.554,7 millóns de euros, como pola medra do 18,5% no caso da fabricación de compoñentes, cuxas importacións ascenden a 2.329,2 millóns.

A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que experimentan unha medra de case o 14% respecto ao ano anterior, representando o 18,3% do valor total das importacións galegas (2.760,4 millóns de euros) e o 8,9% das importacións españolas. O terceiro sector en importancia é o enerxético, que volve a experimentar unha redución considerable no valor das súas compras exteriores, cunha caída próxima ao 20%, cuxas compras ascende a 2.283,8 millóns de euros no ano 2015 (15,1% do total galego). Tras el estaría o sector de manufacturas de consumo, que tras incrementar o seu valor ata os 2.207,1 millóns de euros (un 3,3% máis que no ano anterior) representa o 14,6% do total de importacións ga-

legas e o 6,7% das importacións españolas deste sector de actividade.

Se se descende na análise ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.6.**, os correspondentes a "Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) e "Combustibles minerales e aceites minerales; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerales" (27) seguen a ser os dous primeiros capítulos importadores, acollendo no seu conxunto o 42% do valor das importacións galegas. En relación ao ano anterior, o primeiro presenta unha medra lixeiramente superior ao 25% mentres que as compras exteriores do capítulo de combustibles e aceites minerales descenden case un 20%.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do **cadro 3.3.3.**, o 59,1% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (8.960 millóns de euros), sendo Francia o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo, con 3.744 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.861,8 millóns. Estes dous países concentran o 37,1% das

importacións galegas, sete puntos por riba do rexistrado no ano anterior. Fóra da UE, cabe salientar as compras realizadas dende Galicia a China, que tras un incremento superior ao 18% sitúase como o quinto país onde máis compras se realizan, e México, que descende ata o sexto lugar tras unha caída das importacións de case o 32% (4,5% e 3,4% das importacións galegas, respectivamente).

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da zona euro segundo capítulos arancelarios (**cadro 3.3.6.**), cómpre mencionar que as importacións de produtos do capítulo 87 ("Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") ascenden a 3.770,2 millóns de euros, o que representa o 51,7% das importacións galegas da zona euro, así como que o 92,6% do valor total das importacións galegas do capítulo 87 proceden desta área xeográfica. O segundo capítulo importador é o de "Máquinas e aparellos mecánicos" (84), cun importe de 443,7 millóns de euros, o que significa o 6,1% do total das importacións galegas que veñen dos países da zona euro e o 63,7% do valor das compras galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, o capítulo máis importante en termos absolutos é o correspondente á automoción, que representan o 83,1% das compras nese país, situándose en segundo lugar o de "Fundición, ferro e aceiro" (72) co 4,3%. En Portugal, os dous capítulos máis importantes concentran tan só o 29% das compras exteriores nese país, correspondendo o 16,4% ao de "Prendas e complementos de vestir de punto" (61) e o 12,6% á automoción (capítulo 87).

● Exportacións ao exterior

As vendas de produtos galegos a terceiros países, despois da caída rexistrada en 2014, volve a presentar un comportamento posi-

tivo cun incremento superior ao 5%, ascendendo o importe total das exportacións ata os 18.830,9 millóns de euros, o que representa o 7,5% das exportacións españolas, unha décima por riba do peso relativo do ano precedente.

Ao contrario do acontecido en 2014, no último ano as provincias galegas, agás Ourense, presentan unha medra do valor das súas exportacións. En termos absolutos a provincia de A Coruña foi a que rexistrou o incremento máis acusado, con 594,7 millóns de euros máis (7,7%), seguida de Pontevedra e Lugo, con 302,3 e 164,8 millóns de euros máis, respectivamente. Tras esta evolución, Pontevedra mantense como a provincia con maior volume de exportacións, concentrando o 45,9% das vendas galegas a terceiros países (8.636,8 millóns de euros), alcanzando A Coruña o 44% (8.277 millóns). En conxunto, estas dúas provincias acollen o 90% do total das exportacións galegas.

Atendendo á desagregación sectorial, o grupo de manufacturas de consumo é o máis importante tanto en termos de valor como en relación á súa importancia relativa no conxunto do Estado. No ano 2015 as exportacións destes produtos ascenderon a case 5.200 millóns de euros, o 27,3% das vendas exteriores de Galicia, o que representa o 21,3% das exportacións españolas deste sector. Séguelle en importancia, no que en termos monetarios se refire, o sector do automóbil, cunhas vendas superiores aos 3.800 millóns de euros, o que supón a quinta parte das exportacións galegas e case o 9% das exportacións españolas do sector. En relación ao ano anterior, o **cadro 3.3.5.** reflicte que o incremento máis acusado en termos absolutos corresponde ao conxunto de manufacturas de consumo, con 619,8 millóns de euros máis (13,6%), rexistrándose a única caída no valor da vendas no caso das exportacións de materias primas, cunha contracción do 11% (91,7 millóns de euros).



Exportacións 2014-15: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2014	2015	15/14	15/08	Países da zona Euro	2015	
								Francia	Portugal
			(en miles de euros)	(% / total)	(%)	(%)		(en miles de euros)	
1	87	Vehículos automóviles, tractores	4.856.757,9	5.139.878,9	27,3	5,8	-12,0	3.898.888,3	214.745,6
2	62	Prendas de vestir, non de punto	2.316.925,4	2.700.242,2	14,3	16,5	97,9	1.611.104,4	238.103,4
3	61	Prendas de vestir, de punto	1.183.051,2	1.373.244,3	7,3	16,1	56,0	847.742,5	131.195,9
4	3	Peixes, crustáceos, moluscos	1.003.788,8	1.195.095,7	6,3	19,1	35,4	881.274,2	271.715,4
5	27	Combustibles, aceites minerais	950.332,8	953.712,9	5,1	0,4	70,5	437.550,9	126.311,6
6	84	Máquinas e aparellos mecánicos	564.616,8	638.606,4	3,4	13,1	94,1	268.805,4	72.715,9
7	85	Aparellos e materiais eléctricos	655.450,5	626.783,3	3,3	-4,4	-10,3	219.003,2	33.485,7
8	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	438.136,9	582.833,1	3,1	33,0	83,6	455.004,7	121.031,4
9	16	Conservas de carne ou peixe	492.194,2	520.368,8	2,8	5,7	23,1	422.279,4	81.424,7
10	44	Madeira e as súas manufacturas	431.956,3	400.715,2	2,1	-7,2	3,7	237.301,6	135.669,9
Total dos principais capítulos			12.893.210,8	14.131.480,8	75,0	9,6	21,0	9.278.954,6	1.426.399,7
Resto			4.916.535,0	4.699.388,2	25,0	-4,4	15,8	2.456.008,4	952.054,0
Total			17.809.745,8	18.830.869,0	100	5,7	19,6	11.734.963,0	2.378.453,7

Fonte: IGE, Comercio exterior e intracomunitario

3.3.7.

Exportacións galegas 2014-15: rankings segundo países de destino

	2014	2015		15/14	15/08
		(%)	(%)	(%)	(%)
OCDE	14.485.250	81,2	15.736.971	83,6	8,6
UE-28	12.887.776	72,3	14.094.041	74,8	9,4
Zona Euro	11.074.516	62,1	11.802.062	62,7	6,6
1 Francia	4.892.038	27,4	4.920.721	26,1	0,6
2 Portugal	2.454.848	13,8	2.378.454	12,6	-3,1
3 Italia	1.289.804	7,2	1.527.028	8,1	18,4
4 Reino Unido	847.515	4,8	1.097.102	5,8	29,4
5 Alemaña	817.287	4,6	990.366	5,3	21,2
6 Países Baixos	540.156	3,0	711.298	3,8	31,7
7 Estados Unidos	567.666	3,2	613.657	3,3	8,1
8 Polonia	351.069	2,0	494.325	2,6	40,8
9 Marrocos	513.960	2,9	485.329	2,6	-5,6
10 Bélxica	341.493	1,9	339.810	1,8	-0,5
11 Argentina	414.686	2,3	335.998	1,8	-19,0
12 Grecia	256.214	1,4	299.157	1,6	16,8
13 México	222.439	1,2	247.339	1,3	11,2
14 China	178.282	1,0	220.327	1,2	23,6
15 Romanía	148.499	0,8	168.972	0,9	13,8
16 Suecia	143.747	0,8	156.365	0,8	8,8
17 Austria	89.161	0,5	117.850	0,6	32,2
18 Dinamarca	54.254	0,3	117.825	0,6	117,2
19 Irlanda	84.872	0,5	117.274	0,6	38,2
20 Chile	102.737	0,6	107.703	0,6	4,8
21 Hungría	78.658	0,4	82.532	0,4	4,9
22 Eslovenia	36.112	0,2	79.588	0,4	120,4
23 Croacia	52.058	0,3	76.096	0,4	46,2
24 Brasil	86.685	0,5	66.797	0,4	-22,9
25 República Checa	44.056	0,2	54.449	0,3	23,6
5 primeiros países	10.301.492	57,8	10.913.670	57,9	5,9
10 primeiros países	12.689.029	71,2	13.558.090	72,0	6,8
25 primeiros países	14.608.295	81,9	15.806.363	83,9	8,2
Total	17.828.671	100,0	18.833.890	100,0	5,6

Fonte: IGE, Comercio exterior e intracomunitario

3.3.8.

Por cuarto ano consecutivo o capítulo exportador máis importante polo seu importe é o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), que concentra o 27,3% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto" (62), que acolle o 14,3% das vendas, e o da "Roupa e complementos de vestir, de punto" (61), que representa o 7,3%. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron unha medra superior ao 16%, mentres as exportacións de vehículos incrementáronse un 5,8%.

No ano 2015 aumenta a concentración das exportacións ao mercado comunitario, concentrando a zona euro o 62,3% das vendas galegas (11.735 millóns de euros), sendo Francia, por causa da importancia da factoría PSA Peugeot Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 4.920,7 millóns de euros (26,1% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.378,4 millóns de euros (12,6%), e Italia, con 1.527 millóns (8,1%).

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da zona euro, **cadro 3.3.7.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.899 millóns de euros, o que representa o 33,2% das exportacións a este espazo. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 1.611,1 millóns de euros, que representa o 13,7% do total das vendas aos países da zona euro.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 67,4% das vendas a ese país e que representan o 64,5% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo, seguido do devandito capítulo 62, que acolle o 8,3% das exportacións

a Francia. No caso portugués, os principais capítulos exportadores seguen sendo o 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos") e o 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás o punto"), acollendo o 11,4% e o 10% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

● Base exportadora

Un último aspecto a considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora. A diferenza do acontecido no ano anterior, o número de empresas que venderon os seus produtos no exterior de España aumenta no ano 2015 ata as 6.335 empresas exportadoras, un 1,6% máis que no ano anterior (99 empresas máis). Este incremento explícase en gran medida pola evolución experimentada nos sectores de manufacturas de consumo e bens de equipamento (102 e 64 empresas máis), que contrasta coa caída no sector de materias primas (26 empresas menos).

No caso dos sectores que presentan un maior crecemento no número de empresas exportadoras, cómpre resaltar o incremento no caso da industria téxtil e confección, con 69 empresas máis, e o do subsector de xoiería e reloxos, con 30 empresas máis. Entre as empresas do sector de bens de equipamento, salienta o comportamento das empresas de "maquinaria específica de certas industrias", con 59 empresas máis. Asemade, o **cadro 3.3.9.** reflicte o bo comportamento da industria de compoñentes do automóbil, que en 2015 presenta un incremento do número de empresas que saen ao exterior (34 empresas máis).

Tendo en conta o devandito incremento do número de empresas exportadoras en Galicia e o lixeiro descenso experimentado no conxunto do Estado, a cota exportadora no total estatal aumenta ata o 4,3%, medio punto porcentual menos que ao comezo da crise económica en 2008.

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2014-15: distribución segundo grandes sectores

	2014	2015 (1)	15/14		15/08	
			(%)		(%)	
Sectores económicos	6.236	6.335	99	1,6	1.428	29,1
Alimentos	1.303	1.318	15	1,2	296	29,0
Pesca	447	430	-17	-3,8	-25	-5,5
Bebidas	416	444	28	6,7	173	63,8
Carne	272	277	5	1,8	111	66,9
Preparados alimenticios	155	156	1	0,6	15	10,6
Froitas e legumes	129	119	-10	-7,8	9	8,2
Lácteos e ovos	84	83	-1	-1,2	18	27,7
Outros	201	193	-8	-4,0	26	15,6
Produtos enerxéticos	67	74	7	10,4	-26	-26,0
Materias primas	579	553	-26	-4,5	211	61,7
Semimanufacturas	1.398	1.438	40	2,9	308	27,3
Produtos químicos	802	827	25	3,1	194	30,6
Ferro e aceiro	225	208	-17	-7,6	48	30,0
Metais non ferrosos	165	170	5	3,0	54	46,6
Bens de equipamento	2.165	2.229	64	3,0	481	27,5
Outros bens de equipamento	1.145	1.181	36	3,1	356	43,2
Maq. Específica certas industrias	1.094	1.153	59	5,4	331	40,3
Material transporte	424	407	-17	-4,0	3	0,7
Equipamento oficina e telecomunicacións	302	304	2	0,7	109	55,9
Sector do automóbil	628	660	32	5,1	125	23,4
Compoñentes do automóbil	421	455	34	8,1	11	2,5
Automóbiles e motos	241	233	-8	-3,3	124	113,8
Bens de consumo duradeiro	438	487	49	11,2	167	52,2
Manufacturas de consumo	1.174	1.276	102	8,7	417	48,5
Téxtil e confección	584	653	69	11,8	260	66,2
Xoguetes	115	118	3	2,6	21	21,6
Calzado	109	106	-3	-2,8	16	17,8
Xoiaría e reloxo	82	112	30	36,6	50	80,6
Outras manufacturas	651	683	32	4,9	190	38,5
Outras mercadorías	1.444	1.398	-46	-3,2	293	26,5

(1) datos 2015 son provisionais (7-3-16)

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad

3.3.9.

Atendendo á súa desagregación segundo grandes sectores, cómpre resaltar a importancia relativa do sector de alimentación, que no último ano mantén o seu peso no conxunto do Estado cunha cota do 7,6%, seis décimas por riba do estimado en 2014. A pesca, a pesar da redución do número de empresas exportadoras, é o sector con maior peso relativo, co 29,5% do total estatal, destacando novamente o crecemento do sector das bebidas que representan o 9,1% das empresas exportadoras do sector en España.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, a partir dos que a Secretaría de

Estado de Comercio Exterior presenta unha explotación estatística que para os investimentos estranxeiros nas Comunidades Autónomas só ofrece datos de investimento bruto. Tendo en conta esta limitación estatística, tras os descensos rexistrados en 2014, no último ano increméntase de xeito significativo tanto o volume de investimento estranxeiro en Galicia (60,2%) como o investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior (145,2%). No conxunto do Estado estes fluxos de investimento medran case un dez por cento no caso do investimento estranxeiro en España en tanto que desce case un oito por cento o seu investimento no exterior.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou no último ano ata os 85,1 millóns de euros, importe que se sitúa moi por de-

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2014-15

	2014			2015			15/14
	Total	UE-28		Total	UE-28		
	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(%)
Andalucía	283,5	1,4	201,2	565,2	2,5	455,3	99,4
Aragón	111,8	0,5	96,9	59,7	0,3	52,2	-46,6
Asturias	487,2	2,4	14,6	10,2	0,0	3,8	-97,9
Baleares	269,2	1,3	208,1	263,0	1,2	210,8	-2,3
Canarias	134,2	0,6	29,1	394,8	1,7	45,7	194,1
Cantabria	8,8	0,0	7,2	8,9	0,0	6,0	1,9
Castela e León	161,0	0,8	134,3	41,7	0,2	32,7	-74,1
Castela-A Mancha	129,9	0,6	118,7	53,3	0,2	25,1	-59,0
Cataluña	3.343,9	16,1	1.925,7	4.915,7	21,7	3.570,4	47,0
C. Valenciana	823,4	4,0	559,6	311,2	1,4	158,3	-62,2
Extremadura	250,1	1,2	209,3	44,1	0,2	3,1	-82,4
Galicia	53,1	0,3	21,3	85,1	0,4	6,1	60,2
Madrid	10.964,4	53,0	4.970,0	10.560,3	46,5	6.610,9	-3,7
Murcia	43,9	0,2	38,9	517,6	2,3	32,9	1.080,3
Navarra	28,6	0,1	11,6	12,4	0,1	7,3	-56,6
País Vasco	1.425,4	6,9	846,2	793,8	3,5	246,6	-44,3
A Ríoxa	3,4	0,0	0,1	30,8	0,1	28,5	815,7
Ceuta-Melilla	3,7	0,0	3,6	16,3	0,1	16,2	345,0
Sen asignar	2.179,7	10,5	217,9	4.011,3	17,7	3.626,8	84,0
Total	20.705,3	100	9.614,3	22.695,4	100	15.138,7	9,6

(consulta: 21-03-2016)

(1) operacións de non residentes que supoñan: (i) Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *DatainVex*

3.3.10.

baixo das cifras acadadas no período 2011-13. Este investimento supón tan só o 0,4% do investimento estranxeiro bruto en España, unha décima máis que no ano anterior aínda que lonxe do acadado en 2013 (2%), que se concentra basicamente en Madrid (acolle o 46,5% do mesmo) e Cataluña (cun 21,7%) (**cadro 3.3.10.**).

Suíza é o principal país investidor en Galicia no último ano, con 45,9 millóns de euros, seguido por India e Singapur, con 13,5 e 12,1 millóns de euros, respectivamente, acollendo entre os tres o 84% do investimento. O investimento comunitario descende significativamente pasando dos 21,3 millóns de 2014 aos 6,1 millóns do último ano. Entre estes países salienta o Reino Unido, con 4,6 millóns, que se sitúa como cuarto país investidor, seguido de Francia, con 0,6 millóns, e Alemaña e Portugal, con 0,4 millóns de euros.

Dende un punto de vista sectorial, o ano 2015 presenta cambios significativos tendo en conta que a medra do investimento ven explicada na súa meirande parte polo comportamento nas actividades de "fabricación doutro material de transporte" e "actividades de construción especializada", que acollen o 86,4% do investimento en Galicia. Se no ano 2015 o investimento nestes sectores ascende a 58 e 15,5 millóns de euros, respectivamente, no ano anterior non captaron ningún investimento. Por contra, os descensos máis acusados en relación ao ano anterior rexistráronse no caso da actividade inmobiliaria e da industria química, con 10,5 e 8,9 millóns de euros menos, seguidos pola pesca e acuicultura (-3,3 millóns) e a industria da madeira (-3 millóns de euros).

No que atinxe ao investimento no sector de fabricación doutro material de transporte,

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2015: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	84.736,1	100	21.724.338,4	100	0,4
Fabricación doutro material de transporte	58.020,0	68,47	115.306,4	0,53	50,3
Actividades de construción especializada	15.522,1	18,32	163.137,2	0,75	9,5
Construción de edificios	4.263,6	5,03	4.509.688,8	20,76	0,1
Actividades inmobiliarias	3.177,8	3,75	2.992.449,6	13,77	0,1
Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	1.216,1	1,44	549.699,9	2,53	0,2
Actividades administrativas de oficina	854,9	1,01	76.585,3	0,35	1,1
Actividades sedes centrais; actividades consultoría de xestión	416,2	0,49	297.020,9	1,37	0,1
Industria química	279,4	0,33	192.187,5	0,88	0,1
Actividades de aluguer	216,0	0,25	62.035,9	0,29	0,3
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	209,4	0,25	1.762.296,2	8,11	0,0
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	177,0	0,21	523.112,9	2,41	0,0
Fabricación de bebidas	131,9	0,16	461.882,8	2,13	0,0
Servizos de aloxamento	127,1	0,15	214.504,3	0,99	0,1
Investigación e desenvolvemento	124,6	0,15	32.235,1	0,15	0,4
Outros	377,4	0,45	9.772.195,5	44,98	0,0

(1) investimento en empresas españolas únicamente

(consulta: 22-03-2015)

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, Datainvox

● 3.3.11.

Suíza e Singapur concentran todo o seu investimento no subsector de construción de barcos e diques flotantes (CNAE 30.11). A India pola súa banda, dirixe todo o seu investimento ao subsector de instalacións eléctricas, mentres que ás actividades inmobiliarias e a construción de edificios acaparan maioritariamente o investimento comunitario.

Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento en actividades da “fabricación doutro material de transporte”, que acollen a metade do investimento neste sector en España, así como o investimento en actividades de construción especializada, que representa o 9,5% do investimento estranxeiro no subsector (**cadro 3.3.11.**).

O investimento bruto galego no exterior experimentou un forte incremento no último ano, ascendendo ata os 1.099,9 millóns de euros, 2,5 veces máis que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro no ano 2015. Tendo en conta o descenso rexistrado no conxunto do Estado,

cadro 3.3.12., o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 4,5% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 1,7%.

No último ano o Reino Unido foi o país máis importante ao acoller o 60,9% do investimento (670,1 millóns de euros), manténdose Estados Unidos en segundo lugar, co 33,2% do investimento, e situándose a continuación Brasil, que acolle o 1,4%. A diferenza do ano anterior, onde os países da Unión Europea acollían no seu conxunto tan só o 3,5% do investimento total, en 2015 estes países concentran o 62,7% do investimento.

As actividades inmobiliarias volven a ser a rama de actividade máis importante en termos de capital investido ao acoller máis do 62% do total de Galicia. Séguelle o sector da construción de edificios, que representa o 31,3%. En conxunto, estas dúas actividades supoñen o 93,6% do investimento exterior galego.

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a im-

Investimento bruto das CCAA no exterior 2014-15

	2014			2015			15/14
	Total	UE-28		Total	UE-28		
	(en millóns de euros)	(% / total)		(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	
Andalucía	2.088,8	7,9	2,4	536,0	2,2	291,9	-74,3
Aragón	36,2	0,1	2,6	14,4	0,1	7,5	-60,1
Asturias	126,9	0,5	-	416,0	1,7	0,0	227,9
Baleares	267,7	1,0	11,1	48,4	0,2	45,8	-81,9
Canarias	5,4	0,0	3,2	-	0,0	-	-100,0
Cantabria	6.070,0	22,8	1.140,8	535,0	2,2	102,1	-91,2
Castela e León	54,7	0,2	10,4	185,1	0,8	43,7	238,5
Castela-A Mancha	0,2	0,0	0,1	0,0	0,0	-	-97,3
Cataluña	3.984,7	15,0	2.888,2	3.879,4	15,8	3.283,4	-2,6
C. Valenciana	343,0	1,3	251,2	62,3	0,3	22,6	-81,8
Extremadura	0,0	0,0	-	-	0,0	-	-100,0
Galicia	448,5	1,7	15,8	1.099,9	4,5	689,3	145,2
Madrid	12.483,3	46,9	5.798,4	17.331,9	70,6	5.776,5	38,8
Murcia	10,3	0,0	4,0	0,2	0,0	-	-97,6
Navarra	33,5	0,1	10,1	19,2	0,1	-	-42,7
País Vasco	650,6	2,4	406,5	416,2	1,7	300,4	-36,0
A Ríoxa	-	0,0	-	0,9	0,0	-	#DIV/0!
Total	26.603,8	100,0	10.545,0	24.545,1	100,0	10.563,2	-7,7

(consulta: 22-03-2016)

(1) operacións de residentes que supoñan: (i) participacións en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior; (ii) participación superior ao 10% en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26 euros.
Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *DatainVex*

3.3.12.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2015: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	1.099.948,7	100,0	24.545.111,5	100,0	4,5
Actividades inmobiliarias	685.302,3	62,3	1.072.164,9	4,4	63,9
Construcción de edificios	343.915,1	31,3	3.354.579,8	13,7	10,3
Comercio por xunto, agás vehículos motor	34.426,2	3,1	117.661,4	0,5	29,3
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	11.281,3	1,0	1.335.487,9	5,4	0,8
Pesca e acuicultura	11.070,2	1,0	11.171,2		99,1
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	3.294,7	0,3	4.477.689,2	18,2	0,1
Actividades de xogos de azar e apostas	2.540,7	0,2	66.843,4	0,3	3,8
Industria química	2.500,0	0,2	59.359,0	0,2	4,2
Enxeñaría química	1.843,4	0,2	263.304,3	1,1	0,7
Transporte terrestre e por tubería	1.212,6	0,1	116.713,7	0,5	1,0
Industria téxtil	560,6	0,1	1.121,1	0,0	50,0
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	551,0	0,1	136.929,5	0,6	0,4
Outros	1.450,7	0,1	13.532.085,9	55,1	0,0

(consulta: 23-03-2016)

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *DatainVex*

3.3.13.

portancia das da pesca e acuicultura, que representa case a totalidade do investimento realizado por España neste sector, así como as actividades inmobiliarias, cun 63,9% (**cadro 3.3.13.**).

Fomento das exportacións galegas

No que respecta á promoción das exportacións, é importante destacar o **Plan de Fomento das Exportacións Galegas, (FOEXGA)**, con actuación dirixidas a accións promocionais conxuntas no exterior, a través de misións comerciais directas, inversas e participacións agrupadas en feiras internacionais.

No ano 2015, no marco do FOEXGA, realizáronse 33 accións en 33 países, en concreto 21 misións comerciais directas, 10 participacións en feiras internacionais e 2 misións comerciais inversas.

Un total de 224 pemes galegas participaron en accións no estranxeiro, un total de 383 participacións. Ademais de 150 pemes galegas participantes en misións inversas.

O orzamento total do convenio é de 1.607.030 euros, a financiar polo FEDER aportado polas cámaras (80%), IGAPE a través de fondos propios (10%) e as empresas (10%)

Dentro do fomento das exportacións galegas é necesario destacar o papel da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT). Ambos son proxectos desenvolvidos ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para o fomento da internacionalización do tecido empresarial galego.

Por un lado, as Plataformas Pexga ofrecen asesoramento e apoio a todas aquelas em-

presas que queiran introducirse, crecer ou consolidarse nos mercados onde a Rede está presente. Durante o 2015 a Rede contou con oito plataformas operativas: en Brasil (Río de Xaneiro, Recife, Golânia e São Paulo), China (Shanghái, Beijing e Guangzhou), Colombia (Bogotá), Estados Unidos (Miami, Washington e Houston), Marrocos (Casablanca), México (México D.F. e Puebla), Reino Unido (Londres) e Rusia (Moscova e Mishishi).

No exercicio 2015, recibíronse un total de 512 demandas de servizos de asesoramento e apoio por parte das empresas galegas, correspondendo a maior parte destas actividades ás plataformas establecidas en México (116), Reino Unido (86) e Colombia (84). O mercado africano e o asiático son os seguintes en espertar o interese das empresas galegas, contabilizando 80 solicitudes a plataforma de Marrocos e 70 a establecida en China.

En canto ao número de empresas clientas por mercado, no ano 2015 destacan novamente as plataformas de México (84), Colombia (60), e Marrocos (43), para un total de 212 no cómputo global.

Por outro lado, funciona o Servizo de Licitacións Internacionais, cuxo obxectivo é apoiar ás empresas galegas no acceso a licitacións internacionais con financiamento de organismos multilaterais e institucións financeiras internacionais, e proporcionar ferramentas, formación, asesoramento personalizado e outros recursos de apoio para axudar ás pemes a achegarse e participar neste mercado. 

